

*Certame de Microrrelatos*

# DÍA DO LIBRO 2019

EDICIÓN DE DIFUSIÓN GRATUITA

Nerea Villar Ferreiro  
África Montenegro Leal  
María Otero Díaz  
Magña Maceiras Segovia  
Nee Barros Fernández  
Sandra Rodríguez Macía  
Patricia Torrado Queiruga  
Raquel Fernández Fernández  
Beatriz Dourado

*A historia da Pravia*  
*O paraugas máxico*  
*Un ancián feliz*  
*Perspectiva*  
*Relax-acción*  
*A paréntase*  
*Da'estirpe ágrafa*  
*Silencio*  
*Polo rehep ao forno*



© Culturalia GZ, Maio 2019  
<http://culturaliagz.com/>  
[info@culturaliagz.com](mailto:info@culturaliagz.com)

© Dos textos: Os seus autores  
© Imaxe da portada: Adolfina Mesa  
© Deseño da portada: Adolfina Mesa

Maqueta: Martiño Maseda

*Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, distribución o comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

## I CERTAME DE MICRORRELATOS

### ***DÍA DO LIBRO 2019***

Nerea Villar Ferreiro  
*A historia da Pravia*

África Montenegro Leal  
*O paraugas máximo*

María Otero Díaz  
*Un ancián feliz*

Mariña Maceiras Segovia  
*Perspectiva*

Nee Barros Fernández  
*Relax-acción*

Sandra Rodríguez Macía  
*A pantasma*

Patricia Torrado Queiruga  
*Da estirpe ágrafa*

Raquel Fernández Fernández  
*Silencio*

Beatriz Dourado  
*Polo recheo ao forno*

Edita

*Culturalia GZ*

## **PRESENTACIÓN**

Este I Certame de Microrrelatos DÍA DO LIBRO 2019 produciu unha boa colleita de textos merecentes de galardón. Unha xuntanza de oito autoras e un autor, con traxectorias, a nivel de premios e de publicacións, que comezan a destacar dende idades ben temperás.

Tanto para Culturalia GZ, coma para o Concello de Vilalba foi unha satisfacción iniciar este Certame de Microrrelatos con este paso firme que o levará a consolidarse de modo tan firme que o fará converterse nun referente dentro dos certames literarios galegos.

**MARTIÑO MASEDA**

Administrador de Culturalia GZ

**PATRICIA TEIJEIRO ÁLVAREZ**

Concelleira de Educación de Vilalba

## ACTA DO XURADO

Sendo ás 17:00 horas do día 7 de maio de 2019, reúnense na biblioteca pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela o xurado do Certame de Microrrelatos que foi convocado polo Excmo. Concello de Vilalba coa colaboración de Culturalia GZ con motivo da celebración do Día do Libro 2019.

Este xurado estivo formado por:

- Armando Requeixo, escritor e crítico literario.
- Mercedes Queixas, profesora, escritora e secretaria xeral da AELG.
- Ánxela Gracián, escritora e tradutora.
- Martiño Maseda, poeta e administrador de Culturalia GZ (con voz e sen voto).
- Patricia Teijeiro, concelleira de Educación e Participación Cidadá (con voz e sen voto).

Lidos os traballos presentados, o membros do xurado acordan emitir o seguinte fallo:

Na categoría INFANTIL:

1º PREMIO é para Nerea Villar Ferreiro por “A historia da Pravia”, un microrrelato cargado de capacidade imaxinativa e forza simbólica.

2º PREMIO é para África Montenegro Feal co microrrelato “O paraugas máxico”, no que destacan o sorprendente tecido marabilloso e as referencias literarias empregadas.

3º PREMIO é para María Otero Díaz polo microrrelato “Un ancián feliz”, que amosa unha emotiva mensaxe enfeitada na calidade poética da prosa.

Na categoría XUVENIL:

1º PREMIO: para Mariña Maceiras Segovia polo microrrelato “Perspectiva”, de mostra sensible á problemática migratoria e intelixente xogo de contrastes.

2º PREMIO: para Nee Barros Fernández polo microrrelato “Relax- acción”, cun argumento de indubidable tensión climática e final brutal e abraiante.

3º PREMIO: para Sandra Rodríguez Macía polo microrrelato “A pantasma”, de inesperada resolución e hábil inserción de elementos fantásticos.

Na categoría ADULTOS:

1º PREMIO: para Patricia Torrado Queiruga polo microrrelato “Da estirpe ágrafa”, unha poderosa evocación da estirpe familiar dende o herdo das mulleres e aposta pola cultura alén da letra impresa.

2º PREMIO: para Raquel Fernández Fernández polo microrrelato “Silencio”, que vén a ser unha historia de final insospeitado que fai converxer, luminosamente, o mundo do pictórico e o literario.

3º PREMIO: para Beatriz López Dorado polo microrrelato “Polo recheo ó forno”, unha posta en valor do calado e esencial labor das mulleres no eido do lar cunha escrita de forte pegada lírica.

**I CERTAME DE MICRORRELATOS**

***DÍA DO LIBRO 2019***

## **A historia da Pravia**

*Nerea Villar Ferreiro*



Un día de chuvia un neno andaluz arrancou unha páxina dun libro. A páxina, estaba tan triste que se deixou levar polo vento e voou por todo o mundo ata que chegou a unha pequena vila con castelo. Tombouse no chan chea de cansazo e comezaron a saírle raíces, talo e follas e converteuse nunha fermosa árbore: unha pravia. Aquela árbore naceu para permanecer alí para sempre e escribir a miña historia e a historia do meu pobo: Vilalba.

**O paraugas máxico**

*África Montenegro Leal*

Había unha vez un paraugas que podía falar os días de choiva.

Cando os nenos o abrían, o paraugas comezaba a narrar unha nova aventura sacada dalgún libro coñecido.

Unha nena chamada Carla, que era moi responsable, respectuosa e moi moi amable, atopou o paraugas preto dun colexio. Preguntou de quen era e unha señora respondeulle: “Ese paraugas é máxico! E é de quen o atopa...”.

Carla abriu o paraugas de volta cara á casa e este díxolle un segredo: “Todos os paraugas sabemos falar!!!”

**Un anción feliz**

María Otero Díaz

Cando vou ao parque, sempre hai xente sentada nos bancos da praza. Uns están falando, outros lendo un libro e outros simplemente descansando. Un día vin un libro nun banco, imaxinei que alguén o esquecera alí e recollino. Nun anaco, apareceu un señor maior, dirixiuse ao banco e estivo mirando todo ao redor. Eu achegueime e pregunteille que lle acontecía. El moi triste e nervioso díxome que perdera o seu libro preferido. No momento en que lle dixen que o tiña eu, comezou a sorrir e eu sentín o sinxelo que é facer a alguén feliz.

## **Perspectiva**

*Mariña Maceiras Segovia*

Xogan os nenos no mar, con traxes de baño de cores; baixo a feliz vixilancia dos seus proxenitores, que lles prepararon unha merenda, e que agora agardan a fame dos seus fillos lendo un libro, só con falsas ameazas.

Xogan os nenos no mar, (só un pouco afastados dos anteriores), nunha balsa de cores; baixo a infeliz vixilancia dos seus proxenitores que só lles prepararon un amargo futuro cunha pequena ración de esperanza, porque non saben ler un libro, e iso prodúcelles fame aos seus fillos, coa imponente ameaza dos que non lles permiten entrar no seu territorio.

**A pantasma**

*Sandra Rodríguez Macía*



Tremendo de medo, tapaba os seus ollos coa saba, mentres ela, con voz moi baixiña, lle dicía que non tivese medo, que as pantasma só existían nas películas. Cando, vencido polo sono, conseguiu durmir de novo, ela arrolouno, bicou a súa meixela, desexoulle felices soños e, coa brisa do vento, evaporouse.

## **Relax-acción**

*Nee Barros Fernández*

–Non sexas impaciente – advertírame un garda-. Por moi pesado que te poñas, terás que agardar.

Ante a ameaza de expulsarme do local se seguía tentando coarme, decidín acougar. Fixen exercicios para controlar a miña respiración e concentreime en non pensar en nada, avanzando cando todos o facían. Levaba moito tempo esperando e non o podía estragar agora.

Cando finalmente cheguei e deixei o libro sobre a mesa, ela xa marchara. Como o bolígrafo non me servira para conseguir o seu garabato, vireime cara ao garda e, sen mediar unha palabra, chanteillo nun ollo.

## **Da estirpe ágrafa**

*Patricia Torrado Queiruga*

Cando faleceu a última matriarca da estirpe, precisou buscar desesperadamente o libro que lle falase da historia da familia. Abriu as portas do armario da avoa e alí estaba toda unha vida, todas as vidas, bordadas en sabas de liño, en colchas, en panos e manteis. As mans que nunca colleran un lapis encetaran sinais indefinibles, da emigración, do agro, da dor, de fusilados, de tolos, de amor e de cada verba prendida do sutil tafetá do caderno do tempo.

Envolveuse na quentura dos seus e chorou sabendo que atopara a raizame do mundo.

## **Silencio**

*Raquel Fernández Fernández*

Permanecían impertérritos ao abrigo do lenzo. As posturas inamovibles, tal e como había séculos os inmortalizara aquel pintor. O marco dourado, imprimíndolle a requirida solemnidade a sala.

**Silencio** rezaba o cartel que había en fronte e eles, disciplinados, acataban.

Pero cando as sombras comenzaban a facerse donas da biblioteca e un postremo lector pechaba por fin o derradeiro libro, Madame Rodet izaba levemente o baixo do seu vestido deixando entrever un branquísimo e delicado nocelo. En resposta Francois Geoffin, ao pesares da súa mirada aparentemente perdida nun punto fixo, mexía lixeiramente a perna cruzada coma dicindo “*dinme de conta*”.

## **Polo recheo ao forno**

*Beatriz Dourado*



Como adobas na pel cada unha das derrotas cotiás, nai? As olleiras, as liñas das estrías, as manchas que conservan memoria. E por debaixo da pel? Como se cosen as feridas da alma mentres desosas o polo para enchelo despois de melifluos enganos? Sobre os andeis da cociña, ningún libro de supervivencia. Porén, ti aprendiches a ler a través das receitas e sabes que entre os ingredientes e a elaboración, no espazo en branco, abrolla a forza do invisíbel.